


**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/03/2019 9:10:17


**SAIDA 3076/19**




Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 018/2019**

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito remitido polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 21 de xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito presentado con data do 21 de xaneiro de 20189 ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, e que foi remitido polo dito organismo e tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 21 de xaneiro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte do Concello da Coruña, á documentación relacionada co informe de fiscalización do Tribunal de Contas, da execución pola Autoridade Portuaria da Coruña do proxecto de ampliación en Punta Langosteira, dos exercicios 2012-2013-2014, que o concello obtivo pola xestión dese Consejo.

O reclamante indicaba que o Concello da Coruña tivo acceso á información que sobre ese asunto obra en poder da Autoridade Portuaria e precisa coñecer esa documentación que xa está en poder do Concello, para a súa personación nas dilixencias instruídas polo Tribunal de Contas.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude de acceso á información ante o Concello da Coruña e copia da presentación da súa reclamación ante o Consejo de

Transparencia y Buen Gobierno, que o remitiu á Comisión de Transparencia de Galicia por entender que é da súa competencia.

**Segundo.** Con data 28 de xaneiro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello da Coruña, para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 31 de xaneiro de 2019

**Terceiro.** Con data 8 de febreiro de 2019 o Concello da Coruña contesta a petición remitindo o informe solicitado.

Neste informe, en resumo, indícase que se solicitou ante a Autoridade Portuaria da Coruña información relativa ao expediente incoado polo Tribunal de Contas, de responsabilidade contable, en relación coa execución das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira correspondente aos exercicios 2012, 2013 e 2014. Ante a falla de resposta presentouse reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que ditou a Resolución do 30.10.2018, estimando a reclamación presentada e instando á Autoridade Portuaria da Coruña a que, no prazo máximo de 7 días, facilitase a documentación solicitada. Transcorrido en exceso o prazo fixado, a Autoridade Portuaria da Coruña non facilitou documentación ningunha sobre o asunto, incumprindo a resolución do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno. De acordo co anterior, non é posible atender á solicitude presentada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 24 da Lei 19/2013, establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

O artigo 12 da Lei 19/2013, recoñece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta, de acordo co disposto no artigo 13, como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 17.3 da Lei 19/2013).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.



O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 143 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración non resolveu expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

#### **Quinto.-**

O acceso á información pública está configurado na lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións, tal e como establece o artigo 24 da Lei 1/2016.

No presente caso, o reclamante solicitou ao Concello da Coruña a documentación que obtivo pola súa xestión no Consejo (enténdese que se refire ao Consejo de Administración da Autoridade Portuaria, do que forma parte un representante do Concello da Coruña), relacionada co informe de fiscalización do Tribunal de Contas, da execución pola Autoridade Portuaria da Coruña, do proxecto de ampliación en Punta Langosteira, dos exercicios 2012-2013-2014, do que afirma que estea en poder do Concello da Coruña.

O Concello da Coruña no informe que remite a esta Comisión, afirma que solicitou esta información á Autoridade Portuaria, sen que se lle facilitase.

Por tanto, dado que se esta a solicitar unha información que non está en poder do Concello da Coruña, procede a desestimación da presente reclamación, por non estar a información en poder da Administración á que se lle solicitou.

O Concello da Coruña non resolveu a solicitude de acceso á información presentada, que debería ter resolto mediante a correspondente comunicación ao interesado, que a información solicitada non está no seu poder, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver

en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


### ACORDA

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 21 de xaneiro de 2019, contra a denegación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á documentación relacionada co informe de fiscalización do Tribunal de Contas, da execución pola Autoridade Portuaria da Coruña, do proxecto de ampliación en Punta Langosteira, dos exercicios 2012-2013-2014, que dita Autoridade remitiu ao Concello da Coruña.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia

  
Comisión da  
transparencia  
de Galicia  
Magros Otero Parga